



**ORDENANZA FISCAL Nº 30 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE
TERREO DE USO PÚBLICO POR MESAS , CADEIRAS, ELEMENTOS
ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

ARTIGO 1º.-

CONCEPTO.

De conformidade co previsto na Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, especificando nas tarifas contidas no apartado 3 do artigo seguinte, que se ha rexer pola presente ordenanza.

ARTÍGO 2º.-

FEITO IMPONIBLE.

Constitue o feito imponible desta Taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, sombrillas e outros elementos análogos.

OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulado nesta ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTÍGO 3º.-

CONTÍA.

- 1.- A contía da taxa será de **35,15 €**mesa/trimestre. (incluíndo mesa e sillas)
- 2.- A contía da taxa polos restantes elementos será de **10,60 €**elemento/trimestre).

ARTÍGO 4º.-

NORMAS DE XESTIÓN.

1.- As cantidades esixibles conforme á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado. Poderán fraccionarse en tempos nunca inferiores ó mes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.



3.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaránselles ós interesados, concedéndose as autorizacións unha vez corrixiadas as diferencias polos interesados.

4.- Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se obteña a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargos que procedan.

5.- Una vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non acorde a súa caducidade a Alcaldía ou presente baixa xustificada interesado ou os seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

6.- A presentación da baixa terá efecto a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

7.- As autorizacións terán carácter persoal e non pederán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros, o incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia.

8.- O titular da licencia está obrigado a deixar paso suficiente no terreo obxecto dela, para o tránsito de peóns, retirándosele en caso contrario a autorización concedida.

ARTÍGO 5.-

OBRIGA DE PAGAMENTO.

1.- A obriga de pagamento da taxa regulado nesta ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesión de novos aproveitamentos da vía pública, no momento en que se conceda o aproveitamento.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro da cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pagamento da taxa hase realizar:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Depositaria municipal ou onde establece o Excmo. Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais nas oficinas da Recadación Municipal, nos períodos que establece a Administración Municipal.



DISPOSICIÓN ADICIONAL.

A corporación poderá establecer as normas que considera oportunas para unificar as instalacións obxecto do aproveitamento regulado nesta ordenanza, coa finalidade de garantir unha axeitada estética dos espazos públicos que ocupan.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.